

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN MONITOR SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS COMO PERSOAL LABORAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1. OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do Concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 8 traballadores para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal.

A totalidade dos contratos encádranse no Plan Depuemprego financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo mediante a concesión dunha subvención de 68.383,36 euros.

Este Plan creouse para a realización de programas de dinamización económica, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección dun traballador, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio do Programa Depuemprego para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2. CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

A. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: MONITOR SOCORRISTA EN INSTALACIÓN ACUÁTICAS.

a) N.º de postos que se convocan: 1

b) Relación xurídica co Concello. Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo “Programa Depuemprego”. O contrato terá unha duración de 6 meses.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo:

d.1. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalación acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, de 20 de maio.

d.2. Título de Técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo RD 878/2011, de 24 de xuño, Título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo RD 879/2011, de 24 de xuño ou calquera outro título de grado medio ou superior de formación profesional que incluya no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

calificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Calificacións Profesionais.

d.3. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da calificación profesional de socorrismo nas instalacións acuáticas, obtidaas a través do procedemento, que se desenrola no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de reconecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

d.4. Título de Licenciado ou Grao en Ciencias Da Actividade Física e do Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda do Decreto 35/2017, de 30 de marzo, por el que se modifica el Decreto 104/2012, de 16 de marzo, por el que se fija la formación mínima de los socorristas acuáticos y se crea y regula el Registro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

d.5. Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo nas instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda do Decreto 35/2017, de 30 de marzo, por el que se modifica el Decreto 104/2012, de 16 de marzo, por el que se fija la formación mínima de los socorristas acuáticos y se crea y regula el Registro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Obrigatoriamente deberán estar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

e) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego no Servizo Galego de Emprego.

f) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 3.

g) Funcións: O monitor realizará cursos de natación e función de socorrista na piscina municipal.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa Depuemprego.

					CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS		
NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO (1)	%COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	5 C1 nivel 18	Monitor socorrista	H	1.170,40 €	34,7 %	406,13 €	1.576,53 €	6	100%	9.459,18 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										9.459,18 €



Concello de Viveiro

Período de proba: O traballador terá un período de proba de 15 días. No caso de que o traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

O contrato iniciárase cando así o determine A Alcaldía, en base aos prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado prestará os seus servizos.

3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para dito posto.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147